

Premios de narrativa e poesía "Cernadas de Castro"



O LOBO E AS FORMIGAS

Había unha vez un lobo que era bo. Vivía nunha cova escura e tiña unha "lámpada" e unha cama.

Un día saíu para buscar comida e encontrou unha persoa e cando viu o lobo escapou porque non sabía se era bo ou malo.

O lobo seguiu buscando xente que lle dera comida pero todos escapaban do lobo porque non sabían se era bo ou malo. O lobo quedou moi débil e caeu ao chan. Entón encontrou unha formiga e como non podía facer nada ela soa foi buscar ás outras formigas para levarlle comida ao lobo e tamén auga.

O lobo comeu e bebeu e púxose moi contento e así máis gordo e máis forte.

Desde aquel día fixéronse amigos e viven todos xuntos na cova do lobo.

E colorín colorado este conto está rematado.

Pablo R. F. Infantil B

Primeiro Premio de Narrativa Infantil

X
O
G
A
I
N
A

Premios de narrativa e poesía “Cernadas de Castro”

O LOBO QUE CAEU NUNHA TRAMPA

Había unha vez un lobo que caeu nunha trampa que fixera un cazador que pensaba que todos os lobos eran malos. Pero pasou por alí un chico e quixo axudarlle pero como non tiña ideas non podía axudalo.

Entonces chegaron unhas bolboretas e déronlle a idea ao chico de que botara pedras na trampa para que subira o lobo.


O lobo subiu e como as bolboretas non tiñan casa o lobo axudoulles a facer unha casa de pedras ás bolboretas, e viviron felices para sempre.

Claudia G.P. Infantil B

2º Premio de Narrativa Infantil



Premios de narrativa e poesía "Cernadas de Castro"



Durme
A vaca fermosa
Baila co boi.
A vaca fermosa
Baila co pucho
A vaca fermosa
Baila co sol.
Co sol,
Co pucho e co boi,
A fermosa vaca
Baila,
Baila,
Baila.

Infantil A
1' Premio de Poesía
Infantil

A Pala
A pala pequerrecha
Acariña a area,
Bebe o mar,
Canta ao ceo,
Soña co sol,
Acariña, bebe,
Canta, soña,
A pala,
Pala
Pala.

Infantil A
2' Premio de Poesía
Infantil

Premios de narrativa e poesía


“Cernadas de Castro”

A pequena princesa

Érase unha vez unha princesa moi moderna que un día un dragón levouna para unha torre ata que un lobo lle dixo que dentro de dous anos viría un príncipe. Pasaron dous anos, pero o príncipe non chegou, e un burro foi a salvala e levouna ata o príncipe, pero o príncipe era moi pequeno e moi feo e a princesa foi vivir co burro.
Laura F. T. 1º B Primaria 1º Premio de narrativa 1º ciclo de primaria.

Raúl e o dente

Había unha vez un neno que se chamaba Raúl que lle ían caer dous dentes. A súa nai díxolle que cando caían os dentes deixábanse debaixo da almofada para que viñera o Rato Pérez. O neno tiña medo dos ratos e non quería durmir só. Ese día caelle un dente e púxoo debaixo da almofada, pero Raúl que estaba asustado, non podía durmir. Ó fin durmiu, e o outro día tiña un regalo.
Adán L. R. 1º B Primaria 2º Premio de Narrativa 1º ciclo de Primaria.



Chámase Dragón
O perigoso dragón
bota lume coma un fogón
quentando á foca
e tamén á súa amiga a oca.
Adán L. R. 1º B Primaria 2º Premio Poesía 1º
ciclo de primaria

Chámase Noite
Onte mirei a lúa
cando ía pola rúa
chora que te chora
como estará agora?
Antía C. M. 1º B Primaria 1º Premio de
Poesía 1º ciclo de primaria

Premios de narrativa e poesía "Cernadas de Castro"

A escola


Na escola
Hai libriños
Que lles gustan
Aos rapaciños

No recreo
Xogamos,
Bebemos
E saltamos.


Cando imos para clase,
Repartimos os libros,
Abrimos as libretas
E facemos exercicios.

Cando imos para casa,
Subimos ao autobús,
E si falta o conductor
A mín dame un patatús.

Marcos M.B. 4' A. 2' Premio de Poesía 2' ciclo de primaria



Premios de narrativa e poesía
"Cernadas de Castro"



Jia Xin Cheng 4 A Primeiro premio de poesía.
Segundo ciclo de Primaria.

Premios de narrativa e poesía "Cernadas de Castro"

UNHA VIAXE

POLO MONTE

DORDO

1º Premio de Narrativa 3º ciclo de primaria

Unha viaxe polo monte Dordo

Era unha tarde de setembro, na que eu estaba moi aburrída na casa na compañía do meu pai. Entón comezou a contarme contos do seu avó.

Un dos contos que me gustou trataba sobre o monte Dordo. O monte Dordo non é moi alto nin tampouco ten moitas árbores pero forma unha bonita paisaxe xunto a outro monte.

Decidimos dar un paseo para coñecelo mellor así que puxémonos man á obra. Empezamos a camiñar dende a base do monte a través dunha corredeira moi estreita. Subimos e subimos e polo camiño, vimos algúns tipos de animais coma coellos, un raposo e moitos corvos.

Cando chegamos case á metade do noso destino atopamos un río difícil de atravesar polo que tivemos que botar unhas rochas para poder superalo. Despois de superado o río, por certo sen poder evitar mollarse un pouco, seguimos camiñando ata que meu pai decidiu moi cerca da cume facer un descanso. Bebemos auga e comemos un bocadillo. Aproveitamos para estirar un pouco as pernas. Despois de descansar uns vinte minutos reanudamos a camiñata e despois de pasaren outros vinte minutos por fin chegamos ó cume do monte Dordo.

A paisaxe era marabillosa.

Xusto abaixo víase Porto do Son, se mirabamos cara ó frente eramos capaces de ver as lagoas de Xuño e todas as aldeas próximas.

Despois voltamos moito máis rápido pois xa coñeciamos o camiño e todo era costa abaixo.

Marina M. H. 5ºB primaria

2º premio de narrativa de 3º ciclo de primaria

X
O
G
A
I
N
A

16

Premios de narrativa e poesía "Cernadas de Castro"


A miña avoa



A miña avoa é a mellor
así que volve por favor!
todos te botamos de menos
e queremos darche todo o noso amor.

A túa man volver a tocar
a túa voz volver a oír
quero volver a rir contigo
e ver o teu corazón sorrir.
Se ti ris, rirei
se ti choras, eu tamén
e eu contigo sempre estarei.

Melyssa Marie Mazouz 5º B Primaria
1º Premio de Poesía 3º ciclo de primaria.



Eno inverno
As follas desa árbore
xa están caendo
e o ceo está escurecendo.
Todas mañás miro pola ventá
e veo neve e neve branca
que na miña porta
as veces se atranca.
Sae o sol
a neve vólvese relucinte
e como de costume
denlátese nun intre.

José Luis L. A. 6º B 2º Premio de
Poesía 3º ciclo de primaria

Premios de narrativa e poesía

“Cernadas de Castro”

DI FERENTE POR FÓRA, I GUAL POR DENTRO

Había unha vez un neno marroquí. El era pobre pero os seus pais sempre quixeron ter algo de diñeiro aínda que non fosen ricos; só ter algo de cartos para poder ir ben vestidos e cuns zapatos enteiros.

Os pais decidiron emigrar para buscar traballo, iso si, legalmente, posto que tiñan papeis, pero o que non tiñan eran cartos para pagar a viaxe. Eles tiñan uns amigos ós que unha vez lle prestaran cartos e pedíronlle que llos devonveran para realizar a viaxe.

Despois foron ó aeroporto a comprar os tres billetes que precisaban. Eran unha nai, un pai e un fillo. A nai chámase Raina, o pai Sarán, e o fillo Alí. Alí tería que ir a un colexio novo e tería que facer novos amigos. El non quería deixar os seus amigos pero tiña que facelo. Cando chegaron a España, a Canarias concretamente, foron para un hotel para estar algunhas noites ata que encontraran unha casa ou un piso para poder vivir. Ao día seguinte foron buscarlle un colexio a Alí e encontraron un público no que xa lle deixaban quedar ese mesmo día.

Alí xa estaba na clase e a profesora presentoullo ós seus compañeiros. Á hora do recreo Alí saiu coa esperanza de facer novos amigos, pero non foi así porque todos o discriminaban por ser doutra cor. Alí púxose todo triste porque non tiña amigos e todo por ser dunha cor negra. Cando se acabou o recreo Alí e os seus compañeiros foron para a clase. Alí no único sitio onde se sentía cómodo era na clase, posto que as súas profesoras e profesores non o discriminaban pola súa cor e os seus compañeiros atendían ós profesores e non a el. Uns días despois seguían discriminando a Alí e os seus pais sempre lle preguntaban por que viña triste do colexio pero el nunca respondía. Alí quería que os seus compañeiros non o discriminaran pola súa cor. Alí estaba disposto a demostrarlles ós seus compañeiros que era igual a eles, que non era diferente por ser doutra cor.

Ocorrúselle unha idea. Utilizar o que el sabía facer moi ben, que era xogar ao fútbol. El pensou que funcionaría porque os seus compañeiros sempre xogaban ao fútbol no recreo e el xogaba moi ben. Incluso dicía que era o mellor da súa clase cando estaba no seu país.

O plan levouno a cabo no recreo, así o fixo. No recreo foi directo ó campo de fútbol e todos empezaron a mirar para el. En canto colleu a pelota todos empezaron a rirse del; pero Alí púxose a facer piruetas co balón e todos quedaron coa boca aberta; todos quixeron ir con el e así Alí demostrou que ser diferente por fóra non ten nada que ver con ser diferente por dentro.

Cristian G. R. 5º B de Primaria

Premios de narrativa e poesía

“Cernadas de Castro”

A GRANXA DE LUIS

Había unha vez un home que se chamaba Luis e tiña unha granxa, e chamábase a granxa de Vadascas. Tiña moitos animais; tiña porcos, ovellas, cabalos, patos, galos, galiñas, pitos, un touro e vacas. Tamén tiña unha colmea. Un día quería ter años pero non podía porque non tiña carneiro, pero pediullo a un veciño; díxolle: “Préstasme o teu carneiro?”; “Claro que si!”. E levouno para a súa casa e era malo porque as ovellas xa tiveran años e o carneiro empuxábaas contra a parede e quedaban coxas. Tres morréronlle e quedáronlle tres. Despois deuse conta e quitou o carneiro. Despois levoulle o carneiro ó veciño e Luis ía todos os días coas ovellas ó campo.

De alí a uns días Luís estaba a domar os cabalos. E a levar herba seca para o palleiro e a levarlle ó estanque comida aos patos.

Despois foi á horta a coller landras, verdura e mazás para os porcos. E deulle de comer aos porcos as mazás no cortello, tamén puxo na horta un espantallo que asustaba aos paxaros e foi labrar co tractor á horta para plantar as patacas acabou de plantar as patacas e foi muxir as vacas e muxiu dous cacharros de leite. Un amigo del quería vender un touro e vendeullo a Luís e foino buscar no seu camión. Dúas semanas despois facía moito frío e Luis púxose enfermo. E foi ao médico, e o médico díxolle que se abrigara e que comera sopa, caldo, todo quente e tamén cullaradas de mel das súas abellas porque estaba enfermo da garganta e o mel é moi bo para a garganta. Foi para a casa coller á colmea o mel do panal, pero como non había moito mel, deixouno un días mais e ós poucos días foi mirar o panal a ver se había mel, e desta vez si que había e meteuno nun bote. Despois comeu tres culleradas de mel e foi para a cama porque encontrábase mal.

Luis, recuperado da súa gripe púxose forte e moi ledo vendo que todo lle saía ben; entón decidiu volver á granxa. A granxa non era a de antes, xa tiña máis animais. Tiña xente para traballar para el e el dedicábase a comprar ou a vender o gando. Pasadas unhas semanas fixo unha comerota para así agasallar ós traballadores. Todos contentos comeron, beberon e logo tocaron a pandeireta e bailaron. Foi un gran día. Así rematou a historia de Luís.

Laura V. S. 4 B Primaria. Primeiro premio de Narrativa do segundo ciclo de Primaria.

X
O
G
A
I
N
A

19



Premios de narrativa e poesía

“Cernadas de Castro”

O SOÑO

Había unha vez nunha escola, na clase de 4º... 21 cousas de material escolar. Eran 5 ceras, 8 lapis e 8 gomas. Resulta que ao día seguinte, non sabían que había unha reunión. Os alumnos, van para a súa clase, pero como viran que estaban a falar, non entraron pero quedáron a escoitar.

- Van vir novos alumnos. En total 10, 5 afialapis e 5 bolígrafos.

En que clase os metemos?

Mmmmmmmmmmmmmmm... Xa o sei! En 4º! Quedan 10 asentos!

Pois en 4º oíase un pequeno murmurio no corredor que dicía:

- Ben!

E os profesores dixeron:

- Quen anda aí?

Somos os da clase de 4º.

Ah, pasade; íamosvos chamar de todas formas. Ímosvos presentar aos novos alumnos, que son 5 afialapis e a 5 bolígrafos.

Cando terminou a clase, fóronse moi nerviosos para a casa (que son estoxos) murmurando como serían os novos alumnos.

- Mamá, mamá!Mañán veñen para a nosa clase 10 alumnos novos!

- Que alegría! A ver se te levas ben con eles.

Ao día seguinte, chegaron todos menos un bolígrafo que non sabía o camiño.

Pero unha muller que pasaba por alí preguntoulle:

- A estas horas non deberías estar na escola?

- É que non sei o camiño.

A muller díxolle o camiño e chegou xusto a tempo. O director íalles dicir que había excursión pasado mañá.

- Atención todos, mañá a clase de 4º vaise de excursión ao bosque!

- Ben!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!! Ímonos de excursión!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!!

O bolígrafo non sabía que ese mesmo día os da súa clase tiñan unha excursión á fraga... e ó chegar á escola a súa profesora díxollo.

- Pero, profesora, nós non sabemos nada desa excursión e ninguén trouxo as cousas, nin sequera trouxemos as cousas de merendar...

- Pero vós non sabedes do que estades a falar, non imos a ningún parque nin nada... imos a unha fraga.

- Ah vale! Pois entón dicídelles adeus á comida porque os monitores xa nos darán a comina toda... e xa veremos que comida nos dan.

Chegando á fraga dixeron:

- Ai! Rezade para que haxa boa comida.

- Boh! Ti mais a túa comida sodes cómplices!

- Home! Ti razoa connigo: sen comida e sen auga non se vive.

- Veña deixémonos de falar e a camiñar pola fraga adiante!

Pola fraga encontraron xabarís e esquíos e moitos máis animais. E un animal que ninguén da clase vira... un lobo!

É a mala sorte foi que pasou unha cousa moi mala, que o lobo podía voar e iso é moi malo porque pode irse da fraga e pódese ir para o colexio.

De alí a un pouco fóronse da excursión e o lobo como era tan pillo colleu, e sabes o que fixo? Agachouse nun recuncho e eles seguiron o seu camiño para a escola e o lobo foinos seguindo ata a escola e cando chegaron á escola o

X
O
G
A
I
N
A

Premios de narrativa e poesía

“Cernadas de Castro”

lobo foi con eles pero foi mais rápido ca eles... Chegaron á clase e o lobo estaba sentado na butaca da profesora e todos chegaron á clase e dixeron: “ o lobo ese é increíble! Ningún lobo pode voar e este si”.

- Pois eu son o único de todos os lobos que poden voar.

- Ti outra vez!... deixáanos dunha vez en paz! E por certo, para que nos estás seguindo seguido?

- Porque quero un lapis desta clase, unha goma e un afialapis e sobre todo un bolígrafo de cada marca.

- Iso nunca!- dixo a profesora.

E de alí a un pouco dixo un alumno:

- Profesora, que me leve a min!

- Iso nunca!

- Pois mira, teño unha idea, por que non podo ser o voso alumno?

- Siiiiiiii! Profesora, déixao que sexa o noso compañeiro, por favor!

- Vale está ben, serás o noso compañeiro pero con unha condición: que non lle fagas dano a ningún.

- Vale, si profesora, acepto , pero estudar hai que estudar, non profesora?

- Pois claro que sí!

- Pos moi ben, eu estou disposto a facer calquera cousa por estudar.

- Poi vamos alá.

Rematada a clase os nenos díxéronlle ás súas nais que tiñan un compañeiro novo na clase e que era un lobo. E as súas nais non os creron e os nenos dixeron:

- Pero mamá, chámalo por teléfono e miramos se existe ou non.

- Vale!

(polo teléfono)

- “Ola está por ahí o lobo?

- Pois claro! Son eu.

- Por favor, podes vir un momento á miña casa?

- Pois claro que si.”

(xa na casa do neno O lobo estaba lendo un libro co neno e de repente absorbeunos o libro e resulta que foron dar a dentro da historia)

Dixeron:

- Mima! Estamos dentro da historia!

- Eu teño medo...

- Pero por que tés medo?

- Eu que sei... oxalá non o tivese.

- Pero agora que imos facer?

- Nada, esperar a que nos veñan a rescatar e mentres botamos unha boa sesta.

Así o fixeron, estiveron a botar a sesta e pasou por alí un neno... Pero este non era nin un lapis, nin un bolígrafo, nin unha goma... era un humano, iso si que era de medo! (ver os humanos, como el era un lapis tan pequeno non puido soportar o medo). O lobo tentou tranquilizalo pero o humano colleu o lapis e dixo:

- Mira que gran descubrimento, temos aquí un lapis que fala!

- Ai mamá, por que me metería nesta troula...- dixo o lapis.

- Eh! solta ao meu amigo dunha vez oíches! - dixo o lobo intentando

Premios de narrativa e poesía

“Cernadas de Castro”

defender ao seu amigo.

Pero o humano non escoitaba nada porque ía escoitando música.

O humano seguiu escoitando música ata que o lobo lle fixo cóxegas e o humano quitou a música.

– Deixa ao meu amigo en paz- díxolle o lobo ao humano.

– Vale, vale! Xa o solto, pero non me fagas nada malo.

O lobo e o lapis dispoñíase a marchar cando o humano lles dixo:

– Ei! Esperade un momento que vos quero dicir unha cousa.

– Que?- dixeron os dous á vez.

– Podo ser o voso axudante nesta aventura tan arrepiante?

– Pois claro que si! Vente, que te imos contar a historia.

E así foi, como dixera o lobo, polo camiño foille contando a historria ao humano. Contoulle que a eles dous os absorbera un libro e moitas cousas mais...

– A min pasoume igual, a min tamén me absorbeu un libro pero.... por que nos absorbería ese libro?

– Non sei, pero por unha razón ben grande... pero que moi grande!

– Pois temos un misterio nas mans que temos que resolver. - dixo o lapis.

Polo camiño encontráronse cunha cova pequena e dentro dela había outro libro que poñía: “Aquí neste libro poderedes voltar para a vosa casas, pero se seguides aquí encontraredes un tesouro.”

Pero a eles como lle gustaban moito os tesouros decidiron seguir dentro do libro para encontralo. Eles ían tan contentos seguindo o misterio, e polo camiño encontraron un trasno que tiña unha bolsa de moedas de ouro macizo e díxeronlle ao trasno:

– Ei ti! Danos esa bolsa de moedas de ouro macizo!

– Pois collédeme se podedes - respondeulles o trasno.

Eles seguiron ao trasno, pero como un trasno tan pequeno e delgado era capaz de saltar de árbore en árbore sen caer? Pero o mellor para nós é que de súpeto o lobo colleu ó trasno e díxolle:

– Agora estás disposto a darnos a bolsa de moedas de ouro macizo?

– Si, si! Claro que cha vou dar, pero, por favor, non me fagas dano!

– E os tres seguiron o seu camiño ca bolsa das moedas de ouro macizo e de súpeto o trasno que xa estaba quedando moi atrás alcanzounos e díxolles:

– Ei! parade un momento, podo ir con vos nesta emocionante aventura?

– Mmmmmmmmmmm... vós que dicides dixo o lobo?

– Por min está ben- dixo o lapis.

– Por min tamén está ben- dixo o humano.

– De acordo, podes vir con nós - dixo o lobo.

– E seguiron todos contentos o seu camiño, claro, agora tamén acompañados do trasno, e volveron á cova na que encontraran o libro. E alí estaba o libro, eles esperaron a que os absorbera e de súpeto o libro abriuse, saliu unha luz case cegadora de dentro del, e como por arte de maxia chegaron sans e salvos a casa do lobo e déronse conta de que o trasno seguía con eles.

– Que fas aquí trasno? Ninguén che dixo que os amigos que fas neste libro seguen sendo amigos para toda a vida, ademáis ti pertences ao libro e non

Premios de narrativa e poesía

“Cernadas de Castro”

podes quedar no noso mundo... tes que voltar!

– Pois que eu saiba, ningún lle dixera nada de nada... - dixo o humano.

– Pois isto sí que é outro misterio, outro misterio que temos nas nosas mans.

– Outro misterio para o noso equipo, pois claro!, se non , para quen ía ser se non!

– Despois de moito falar decidiron que o libro os volvease absorber, ese libro que parecía tan máxico... Pero o malo non era que o libro os absorbera, o malo era que a cova na que estaba aquel libro que os voltara a casa a primeira vez xa non estaba... Non estaba nin a cova nin o libro nin nada das cousas que tiña arredor a cova...

– E agora como imos voltar á casa? - dixo o lobo.

– Pois non o sei... - dixo o lapis.

– Eu creo que a única solución é seguir andando... ó mello a cova está noutro lado- dixo o humano.

– E eles seguiron andando, pero a medida que ían avanzando, as posibilidades de que a cova aparecese noutro lado íanse esgotando. Seguiron andando e no outro lado do libro non estaba a cova. Os nosos amigos xa estaba a piques de perder a paciencia cando, de súpeto, viron un papel que estaba enriba dunha pequena rocha; achegáronse correndo porque pensaron que esa podía ser a pista que tanto lles facía falta. O lobo foi o que chegou primeiro xunto a rocha e colleu o papel, pero cando o quixo ler, deuse de conta de que lle faltaban as lentes de contacto e doulle o papel ao humano para que o lese en alto, e a nota dicía isto:

– “Non busquedes en balde, xa que non poderedes voltar á vosa casa ata que non devolvades o trasno ao seu lugar de orixe.”

– Os rapaces quedaron algo atordados e despois de moito discutir sobre o que poñía o papel preguntáronlle ao trasno:

– Ti de onde es?

– Eu... eu... son...

– A ver oh! Acaba de unha veeeee! De onde es?

– Eu son do final do arco da vella!!

– Que dis? Iso só existe nos contos de fadas! - dixo o humano.

– Si, e logo isto que é mais que un conto de fadas? - dixo o lapis.

– Bueno... tes razón! Un lapis que fala, un lobo que ten ás e voa, un trasno cunha bolsa de moedas de ouro macizo.. e un libro que nos absorbe cando nos apetece. Creo que xa che creo trasno, síntoo por non che ter crido antes.

– Non pasa nada, perdóoche.

– Entón, trasno, que temos que facer para que saia o arco da vella e poidas voltar á túa casa?

– Ben... para que saia o arco da vella ten que chover e quentar o sol.

– Si, iso xa o sabemos, pero non se vai a poñer a chover de súpeto. Que se pode facer para que empece a chover?

– Tendes que poñervos á pata coxa tocando o nariz e á vez que facedes iso tendes que cantar a canción dos trasnos:

– Trasno, trasniño

– segue polo teu camiño

– fai que o arco da vella

Premios de narrativa e poesía

“Cernadas de Castro”

- sexa mais velliño
- e así desa maneira
- poida volver á miña casiña
- poñédevos á pata coxa,
- coa man no nariz
- e cantade esta cancionciña...

Os nosos amigos quedaron medio apampados, pero déronse de conta que esa era a única forma de voltar ó trasno a súa casa no final do arco da vella, e eles por fin encontraron a cova na que estaba o libro máxico ca luz brillante que os levaría de volta á súa casa. Fixeron o que lles mandou o trasno pero non daba comezado a chover, e entón quixeron empezar a rifar co trasno, pero, de súpeto, empezou a chover como por arte de maxia e o arco da vella saíu. Era o arco da vella máis belo e colorido que viran nas súas vidas.

- Adeus amigos meus!
- Adeus trasno!! - dixeron todos á vez.
- Encantoume coñecervos, heime de acordar de vos durante o resto dos meus días.

Porque aínda que non o parecese o trasno era un trasno vello, que estaba a piques de morrer, por iso tivera que viaxar ata ese libro, pera darlle a alguén as súas moedas de ouro macizo, e o trasno quedou moi ledo ao saber que as súas moedas de ouro macizo quedaban en boas mans.

- ADEUUUUUUSSS!!!!
- Ata sempre amigos meus!! Nunca vos ei de esquecer!

E o arco da vella ía soltando un brillo moi especial a medida que ía desaparecendo co trasno enriba del. Os rapaces quedaron algo tristes, xa que lle colleran un pouco de cariño a aquel vello trasno, pero de súpeto, un papel chegou dende o arco da vella ata as mans do humano.

“Xa enviáchedes ao vello trasno ó seu lugar de orixe, xa podedes voltar á vosa casa.”

E unha luz moi brillante, case cegadora saíu do papel e volveron estar de volta na casa do lobo. Pero parecía coma se os nosos amigos xa se esqueceran daquel humano; parecía coma se o coñecesen de toda a vida, pero iso non era certo e ó humano gustáralle moito esa experiencia tan misteriosa e inesquecible, pero quería voltar á casa cos seus.

- Rapaces...- dixo o humano.
- Que pasa?
- O trasno volveu á súa casa...
- Si, xa o sabemos, estabamos alí contigo. E que pasa?
- Que.. eu.. eu tamén quero voltar á miña casa coa miña familia - dixo o humano case a piques de chorar, xa que era un rapaz duns 9 anos.
- É verdade, ti tampouco es do noso mundo...- dixo o lapis.
- Entón temos que voltar outra vez - dixo o lobo.
- Si, supoño que si..
- Está ben, rapaz, levarémosche de volta á túa casa coa túa familia.
- Hei lobo! E se desta vez non encontramos a cova co libro máxico?
- Tes razón!
- Eu non quero quedar no voso mundo, no meu mundo os lápises non

Premios de narrativa e poesía

“Cernadas de Castro”

“ O noso plan era que trabarades amizade entre os tres mundos: o mundo da fantasía, o mundo real e o mundo da fraga. O trasno xa chegou san e salvo ao seu mundo e Serxio só terá que entrar dentro da árbore e xa estará de volta no seu mundo coa súa familia. E respecto a Xoán e a Pedro non teredes que facer nada... só esperar uns segundos despois de que Serxio esté de volta no seu mundo e aparecerá unha luz e xa estaredes de volta no voso mundo, no mundo da fraga. E dito isto despídome de vós, foi un gusto guiavos polo meu mundo, o mundo da irrealidade. Ah! Por certo, chámome Carlos. Un pracer”

Os rapaces despedíronse entre bicos e abrazos. Serxio entrou na árbore e Xoán e Pedro, como lles escribira Carlos na árbore, pasados uns segundos tamén estaban de volta na súa casa, na casa do lobo, no mundo da fraga... Pero faltáballes algo; o libro polo que foran ao mundo da irrealidade xa non estaba. Aou principio estrañáronse pero despois pensaron no que lles escribira Carlos na árbore, que eso só fora un plan para que trabaran amizade entre os tres mundos, e unha vez feito isto.. era lóxico que o libro desaparecera.

Pasaron dous días, e o lobo Xoán e o lapis Pedro contáronlles todo aos demais lápises, gomas, afialápises, bolígrafos e demais.. Todos quedaron abraíados, pois a eles tamén lles habería gustado pasar por semellante aventura coma a que pasaron os seus amigos.

Fixeron unha festa adicada aos tres mundos, para que esa amizade seguise viva para sempre e que así ese plan que trazara Carlos servise para algo.

Pero de súpeto todo se fixo branco... non se vía nada. É que esta historia non era certa... só era un soño dun rapaz que tiña moita imaxinación; o rapaz espertou e foille contar todo o soño á sua nai... Aínda que a el parecerálle vivir iso el mesmo, parecía coma se non o soñara... Sería verdade, sería ese rapaz o pequeno Serxio? Ninguén sabe...

... e colorín colorado, este conto está rematado....

FIN.....?

Sergio R. A. 4 B Primaria

Segundo premio de Narrativa Segundo Ciclo de Primaria

X
O
G
A
I
N
A

Premios de narrativa e poesía "Cernadas de Castro"

Palabras vacías, sen sentido, falsas
Amores dolorosos, imposibles
Mentiras seguras, confiadas, convincentes
Odio profundo, ferinte,
Miradas de pedra, frías
Noites de inverno solitarias
Ollos escuros, hipnotizantes
Corazóns agretados, corazóns rotos
Inocencia perdida
Confianza cega
Labios que se buscan na escuridade
Algo estrictamente físico
Erros dos que non se aprende
A procura de un mesmo
A necesidade de abandonar todo
Un adeus en silencio
Uns pasos que se perden na distancia
Christina P. M. 4º ESO B
1º Premio de Poesía 2º ciclo de secundaria



Biscoito especial
Xogamos cociñando e equivocaste de sabores,
poslle sal ao biscoito
e ao meu amor, arroz de cores.
Mestúranse as miradas,
cos bombóns dos meus ollos
vexo os teus labios de vainilla.
E póñome contenta,
coma unha mandarina.
O meu corpo bátese
coas fortes follas de eucalipto,
sente o chocolate que baixa a modiño.
Acariña o meu pescozo
un saboroso amorodo.

Acabamos decorando a noite
con aroma de café.

Jessica Yisser Martínez
3º C
2º premio de poesía 2º ciclo de ESO



Premios de narrativa e poesía

“Cernadas de Castro”

REMORDEMENTOS

Luns

Viño, cervexas, viño, cervexas... que me ocorre? Non podo matinar noutra cousa? Poida que a miña situación sexa algo desesperante pero non podo seguir así. Ai, deus! Rúas de Santiago cheas de sangue por culpa miña! Que fixen! Como llo conto eu agora a Sara máis ás rapazas? Sei que non vou poder ocultalo durante moito máis tempo; sinto que aínda me observa, sendo a miña mente un feixe de remordementos. Suicidio? Non, esa quizais non sexa a mellor solución.

Martes

Só un día e no meu interior case unha eternidade. Quen son eu para quitarlle a vida a alguén? Quizais un asasino, tal vez un borracho... non, Carlos, non. Pensándoo ben non bebera tanto, só tres, catro, cinco... merda! Máis de seis. Claro, o patrón convida a uns tintos e o parvo de min séguelle a corrente! E para que? Para nada, xa que do paro non me libro. Aínda me lembro da primeira vez no Gran Sol, vaia peixes pescamos alá, e agora, logo de máis de trinta anos...

Mércores

Xa pasaron dous días e ninguén pregunta por el. Poida que para a miña sorte só se tratase dun vagabundo, sen unha familia, sen a posibilidade de seren agora os seus fillos orfos. Non, seguro que non. Era estraño que un vagabundo levase enriba dez mil euros. Quizais debín dende o principio chamar á policía, pero estando morto... non tardará en saír nos medios de comunicación algunha nova co fin de nomear un culpable, alguén coma min capaz de cometer tal atrocidade. Xa imaxino á rapaza do telexornal dicindo: “Carlos Carballo, veciño de Santiago, atropela na rúa San Pedro a un peón. Conducía baixo os efectos do alcohol e ademais, agochou o corpo no seu automóbil. O xuíz poralle unha condena de máis de quince anos ”

Xoves

Hoxe Sara notoume nervioso. Preguntoume se me acontecera algo no traballo, pero foime imposible contarlle que o Quitín me mandara ó paro. Debín dicirllo, pero a miña cabeza non matinaba precisamente na situación económica, senón no que ía facer co corpo daquel home, agora xa a piques de podreecer no maleteiro do Focus. Sei que non vou poder ocultalo durante moito máis tempo, pero non teño o valor de contarlle a ninguén. Catro días de inmensa tortura neste inferno.

Venres

Fun quen de saír á rúa. Chovía. Dirixinme ó supermercado para merca-lo pan. Milleiros de ollos observándome, sen saber para quen ficaban a mirar. Que pensarían de min se soubesen o que fixen? Poida que nin Sara me dirixise a palabra. Cheguei á casa. Ela estaba alí, na cociña, tan fermosa coma sempre. Estaba vendo o telexornal, e algo percorreu o meu interior cando se dirixiu a min. Agora suspiro tranquilo sabendo que só me veu dicir que xa cesaran os roubos nas sucursais de Caixa Galicia. Quizais o ladrón xa se fixera rico dabondo.

Premios de narrativa e poesía "Cernadas de Castro"

Sábado

Cales serían os seus motivos? Que razóns o impulsaron a dirixirse ó caixeiro e deixalo desfeito? Seguro que a crise tamén lle afectara, o deixara sen traballo coma moitos outros. Quen sabe. Quizais un día sexa eu quen o faga, pero espero non rematar coma el. Agora estaba no meu coche. Hoxe fun que de, por vez primeira, abri-lo maleteiro. Mireille á cara. Ficaba quieto. Era un home duns trinta anos, metro setenta, que posiblemente estragara a súa vida coa bebida, pois aínda era posible distinguilo olor a ribeiro no medio de tal peste a morto. Abrín a bolsa que levaba con el o luns. Intactos, dez mil euros. Si, definitivamente era o home do que falaban os medios de comunicación.

Domingo

Sara hoxe colleu o coche de liña para visita-las rapazas. Erguinme cedo e fun no Focus ata as aforas de Santiago. Alí, inconscientemente, deixei tirado ó home coas súas pertenzas. Estou seguro de non ser esa a mellor solución, pero o medo invasor obrigoume. Subín ó coche e, dirección ó piso, acendín a radio. Nas noticias preguntábanse cal sería a próxima sucursal que desvalixaría, que estaría tramando, ignorantes aínda do que fora o seu cruel destino.

Luns

Esta mañá sóubose a nova do paro. Sara, optimista coma sempre, fixo que unha raiola de sol asomase entre a treboada do meu interior. Seguro que xa se fixera á idea de procurar un novo traballo, mais nestes tempos sería practicamente imposible. Aínda cos meus feitos roldándome na cabeza o día parecía ir calmo ata a hora da cea. "Home branco, duns trinta anos é atopado por unha veciña do Milladoiro. A autopsia realizaráselle mañá, indicando as causas do falecemento" dixo finalmente a moza da Galega. Tarde ou cedo o momento ía chegar. Poida que para algúns sexa un heroe, para moitos un asasino ademais de covarde; para min, nunca máis Carlos Carballo.

Teresa P. L. 3' B ESO

Primeiro Premio de Narrativa do Segundo Ciclo de Secundaria.

Café amargo

Carme estaba sentada fronte ó seu escritorio revisando as fichas dos seus pacientes do día seguinte. Escollera a carreira de psicoloxía porque axudarlles ós demais facíaa sentir ben. Só faltaba un ano para a súa xubilación, e aínda que quería descansar e poder dedicarse ós seus netos por completo, sabía que botaría de menos, e moito, os longos días na consulta e a sensación de benestar de cando vía os avances dos seus pacientes. Apartou os papeis e, abrindo un caixón, colleu unha fotografía tomada anos atrás na voda da súa filla máis vella, o último acontecemento social ó que asistira co seu marido antes da morte deste. Gardouna de novo e levantouse da súa cadeira. Con aire triste dirixiuse ó recibidor da consulta. A súa secretaria xa había tempo que marchara. Viu unha cunca de café na mesa. Sorriu e bebeuno pensando no eficaz que era Rosa, a súa secretaria dende había moito. Nin sequera se deu conta de que o café fumeaba, a pesar de que Rosa marchara tres horas antes. Volveu ó traballo, pensando aínda en Ramón, o seu defunto esposo e pouco despois decatouse de que algo ía mal, cando sentiu fortes punzadas de dor no peito. Tentou marcar o teléfono da casa, pedir axuda, facer algo para evitar o que sabía que era inminente, máis só puido descolgar antes de caer ó chan.

Ó día seguinte, cando Rosa chegou á consulta ás nove en punto e viu que a luz do despacho de Carme estaba acesa, non se sorprendeu, pois coñecía e sabía o entregada que estaba ó seu traballo, ás veces incluso demasiado. Petou na porta, e ó non recibir ningunha resposta entrou, pois tiña a suficiente confianza despois de tantos anos. Ó principio non o viu, pois o escritorio ocultábo, pero nunha ollada rápida descubriu os zapatos negros da súa xefa. Achegouse nerviosa e descubriu o seu cadáver. Afogou un grito e controlou as súas emocións. Pensou que talvez estivera inconsciente, mais, ó tocala, soubo de inmediato que estaba morta pola frialdade da súa pel. Chamou á policía sen tocar nada máis no despacho, pois sabía polas películas e novelas que lía que era mellor non facelo por se había algunha proba, aínda que estaba segura de que non podía tratarse dun asasinato, pois na súa opinión ninguén podería querer facerlle mal a unha persoa tan boa coma Carme. Contou entrecortadamente o que vira. Ó cabo duns quince minutos apareceu unha patrulla na consulta. Inspeccionaron o corpo e viron que non tiña ningunha ferida, polo que pensaron nun posible infarto ou un derrame. Viron o teléfono descolgado e imaxinaron a posibilidade de que recibira algunha mala noticia que lle puidese provocar tal impresión para propiciar un infarto. Ou talvez tentara chamar unha ambulancia ó atoparse mal. Revisarían as chamadas. Seguiron investigando a estancia. Enriba do escritorio había unha cunca con restos de café no fondo. No chan, preto do cadáver, a cadeira tirada. Levaron o corpo para facer a autopsia e mentres, investigaron os informes médicos da psicóloga, para saber se había antecedentes de enfermidades do corazón. Non había nada, a muller tiña boa saúde a pesar de traballar sen descanso tantos anos seguidos. Ó día seguinte o axente Moledo, algo contrariado polo atraso que levaban na investigación, recibiu a lista de chamadas feitas e recibidas no teléfono da consulta, e tamén os resultados da autopsia. Non había ningunha dúbida: Carme morrera envelenada. A hora da morte situábase entre as nove e as once daquela noite en que quedara a traballar ata tarde. Interrogaron ás dúas fillas de Carme e tamén a Rosa. As tres declararon que Carme se medicaba contra a tensión e a depresión, pois a pesar de ser unha muller forte, había días que todo a superaba e sentía que non podía máis. Medicárase ela mesma. Sempre lles dicía que sabía o que tiña, que para iso era psicóloga. O axente Moledo e o forense encargado da autopsia analizaron as pastillas que acostumaba tomar. Se tomaba máis da dose recomendada, podía sufrir unha intoxicación. Era unha solución viable ó caso. O forense declarou que non podían estar seguros ó cen por cen do veneno que lle ocasionara a morte, pois había demasiados ó alcance de calquera. Na

lista de chamadas non había nada anormal, posiblemente o que pasara fose a segunda opción, a de que intentara chamar a alguén para pedir axuda. Moledo non estaba moi convencido, pero nada máis podía explicar a morte de Carme, polo que pechou o caso dicindo que tomara máis pastillas da conta, probablemente nun momento de nostalxia, pois atoparan unha fotografía dela e o seu marido nun caixón da súa mesa de traballo.

Celebrouse o funeral, con moitas bágoas por parte das fillas. A Sara, a maior, consolábaa o seu marido. Natalia non estaba casada, pero si tiña mozo e unha filla, Iria, de catro anos. Rosa tamén assistira acompañada polo seu marido, pois ademais da súa xefa, para ela Carme era a mellor amiga que tivera nunca, a persoa na que podía confiar, quen lle prestaba a súa axuda sempre que o precisaba. Esa mesma tarde celebrouse a lectura do testamento. Acudiron Sara, Natalia, as parellas delas e Rosa. Tamén un irmán de Carme que aínda que había tempo que non se vían, sempre se levaran moi ben dende pequenos e nas últimas vontades de Carme debía estar presente na lectura. A psicóloga tiña unha pequena fortuna, pois ademais de atender a consulta tamén escribira algún libro sobre o comportamento humano. Dividira os seus bens en dúas partes. Unha delas, á súa vez, sería repartida entre Sara e Natalia a partes iguais, e unha pequena porcentaxe sería para Rosa, por apoiala sempre e confiar nela, e para así poder axudala cos seus problemas económicos. A outra metade sería doada a organizacións de todo tipo (para protexer o medio, os animais, combater a fame e as guerras e para investigar a cura de enfermidades), algunha das cales dirixía seu irmán.

Sara e Natalia tardaron unhas semanas en repartir a fortuna, que a pesar de ser só unha parte, era máis do que puideran imaxinar. Para elas era moi doloroso, polo que a maior parte do traballo o fixeran Pablo e Roi, as súas respectivas parellas. Os dous mozos levábanse moi ben, de feito, fora Pablo quen, despois de casar con Sara, fixera as presentacións entre Roi e Natalia. As mozas foran ó cemiterio e eles quedaron arranxando as cousas na mansión, que agora lles pertencía a medias.

Desfaite disto canto antes - díxolle Roi a Pablo, dándolle un frasco.

Descoida, esta mesma tarde tirareino ó río e todo quedará esquecido. E recorda: non debemos dicir quen nolo proporcionou, senón estamos acabados - respondeu Pablo.

Roi asentiu. Os dous estaban nerviosos, pois non estaban acostumados a facer ese tipo de traballos.

Pola tarde Pablo díxolle a Sara que ía dar unha volta. Subiu na súa moto e dirixiuse ó río. Tirou o frasco nun profundo pozo e sentiuse liberado por fin. Sorriu mentres marcaba o seu número:

Todo ben. Xa me desfixen da proba.

Así me gusta. E xa sabes: como ti ou o parvo de Roi confesedes, sodes homes mortos.

Pablo sentiu o sinal de que lle colgaran a chamada. Volveu á casa e xogou cos seus dous fillos un bo anaco.

Ó cabo dun par de semanas parecía que todo se calmara, pero de súpeto chamaron á porta da mansión. Natalia apresurouse a abrir e sorprendeuse ó ver o axente Moledo.

- A cunca de café - limitouse a dicir.

- Que sucede con ela?

O axente explicoulle que se fixara nela o día do incidente, pero que logo desaparecera. Era a clave para saber cal fora o veneno. Nese momento baixaban os demais polas escaleiras. Ían ir ó río darse un baño. Sara convidou ó axente a que os acompañara e así seguir falando do que podería

terlle pasado á cunca.

Chegaron ó río e todos se dispersaron gozando daquela tarde de verán. O axente seguiu dicíndolles que a cunca era unha peza fundamental e que alguén tivera que collela do escritorio. Lamentou non terse dado conta antes e estar tan pechado á teoría dun asasinato como para aceptar unha sobredose, cando, como xa dixeran, a coñecida psicóloga Carme Miguéns sabía ben o que facía. Iria apareceu por alí, cun frasco na man. A Roi e Pablo cambioulles a cara, pero intentaron disimular. Roi ordenoulle á súa filla que tirara o frasco, pois non debía recoller todo o que atopaba polo chan. Xa Iria o ía tirar, cando Moledo llo quitou das mans para inspeccionalo. O papel exterior romperá coa auga, pero podía verse que non había moito que se desfixeran del. Marchou para levalo a analizar, deixando no río a toda a familia, que seguía feliz, aínda que había dúas persoas que xa non o eran tanto.

Esa noite Pablo e Roi discutiron. Pablo berroulle a Roi por non desfacerse antes da cunca de café, en vez de quitala despois de ser vista pola policía, e Roi berroulle a Pablo por tirar o frasco do veneno tan preto da casa. O que estaba claro é que cometeran un grave erro e que xa non había volta atrás. Era algo que a el non lle ía gustar nada. De súpeto, Pablo recordou que antes de tirar o frasco notara que estaba algo pegañento, non sabía o que era, talvez a cola coa que ía pegada a etiqueta, pero estaba seguro de que alí quedaría algunha pegada súa. Estivo nervioso toda a noite, sen poder durmir.

Á mañá seguinte todos espertaron pola chegada de Moledo con outros policías, que detiveron a Pablo. Sara quedara petrificada, sen poder crer que a persoa na que máis confiaba neste mundo fora quen de matar a súa nai por uns cantos miles de euros, pois o móbil non podía ser outro que os cartos. Roi foino ver á cela e intentou convencelo de que o mellor era confesar. Pablo non quixo. Pero Roi, que non sabía mentir, foi falar con Moledo e confesou que el tamén formara parte do homicidio. Preferiría non falar do terceiro, pois as súas ameazas seguían na súa cabeza sen parar de dar voltas, pero pensou na súa filla e en Natalia e confesouno todo. Moledo saíu cunha patrulla e dirixiuse á casa de Rosa. Detiveron ó seu marido, que non opuxo resistencia. Cando ó chegar ó cárcere os viu ós dous díxolles que en canto saíra lamentarían o que fixeran. Roi e Pablo explicaron o sucedido: coñecíanse dende había tempo. Martín era tío dun amigo que sempre andaba con eles e que afogara no río. Sempre os fixera sentir culpables da súa morte e como tiña graves problemas mentais, supoñía un perigo, polo que Roi e Pablo nunca lle levaran a contraria. Obrigáboas a facer traballos contra a lei, como roubar, pero nunca chegara ó extremo de pedirles que mataran a alguén. Ameazáboas nunha festa organizada por Carme para celebrar a súa próxima xubilación e o éxito da súa consulta con acusalos dos delitos que lles obrigara a facer, dicindo que tiña probas contra eles, e non tiveran outro remedio máis que aceptar. El conseguíralles o veneno, porque quería a parte que sabía que levaría Rosa coa morte de Carme. Agora os tres irían a un xuízo que lles cambiaría a vida. O peor parado sería Martín, por abusar deles durante anos, pero os mozos non sairían sen máis, pois ó fin fixeran o que el lles pedira. O máis probable era que tardaran unha tempada en poder xogar no río cos seus fillos ou ir cear coas súas mulleres a algún restaurante da cidade.

María R. C. 4 ESO B.

Segundo premio de Narrativa. Segundo ciclo de Secundaria.

Agradecementos:

Xogaina quiere agradecer o apoio e colaboración a todas os organismos e empresas que durante estes últimos anos fixeron posible que puidese ser impresa en papel.

Secretaría Xeral de Política Lingüística. Xunta de Galicia
Concello de Lousame
AMPA Alecrín
Caixa Galicia
Autos Comparado
Conservas Ecurís
Pescadería Dakar
Alimentación J. Quintela
Cárnicas Hermanos Pena
Panadería A Ponte
Tucho

... E tamén os que participaron de forma anónima.

A TODOS E TODAS... GRAZAS!!!

X
O
G
A
I
N
A